

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Creación dunha bolsa de Emprego para a cobertura temporal de necesidades de prestación de servizos de limpeza de instalación municipais.**

Resultando absolutamente preciso e de urxente necesidade contar con recursos humanos suficientes para poder prestar servizos de limpeza nas condición esixibles das instalación municipais, conforme ás facultades que me confire o artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o principio de axilidade neste tipo de procesos sinalado pola Lei do Estatuto Básico do Empregado Público vixente.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de **limpiadores/as de instalacións municipais** para a cobertura temporal de posibles vacantes, acumulación de tarefas, ausencias ou necesidades que poidan producirse; así como baixas por I.T. do persoal, permisos médicos, de libre disposición, períodos vacacionais ou outra situación análoga a ésta, na que se precise unha cobertura de persoal do Concello de Portomarín nesta categoría.

**Segundo.-** Formular a oferta de emprego pública ao SEPE Lugo -Sur na categoría correspondente.

**Terceiro.-** Esta resolución xunto coas bases que rexen a convocatoria publicaranse na páxina web oficial, así como na sede electrónica do Concello de Portomarín.

**Asinado electrónicamente á marxe da páxina**

**O Alcalde-Presidente**

**Pablo Rivas Folgueira**

